

COGAMI



ESTATUTOS DA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE



COGAMI

CONFEDERACIÓN GALEGA
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

XVIII ASSEMBLEA EXTRAORDINARIA ANO 2022

Páxina 1

Oficina Central Rúa Modesto Brocos nº7 Bloque 3 Baixos 15704 Santiago de Compostela
T 981 574 698 | F 981 105 061 | correo@cogami.gal | www.cogami.gal



COGAMI

Pertencente a:

COCEMFE

Confederación Española de Personas
con Discapacidad Física y Orgánica

Con data do 18-10-2023 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2003/000093-2 do Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2.003/000093-2 (SC). Inscrita no Rexistro Central de Servizos Sociais co nº E-154. NIF G32115941.

CVE: ljzpZCFnA0/2
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>



ÍNDICE

CAPÍTULO I – DA CONFEDERACIÓN

Artigo 1. Denominación	4
Artigo 2. Personalidade	4
Artigo 3. Domicilio	4
Artigo 4. Duración e Ámbito	4
Artigo 5. Propósito, Misión e Visión	5
Artigo 6. Principios e Valores	5
Artigo 7. Fins	6
Artigo 8. Medios	7

CAPÍTULO II – DOS MEMBROS

Artigo 9. Composición	8
Artigo 10. Dos socios da Confederación	8
Artigo 11. Outros membros da Confederación	8
Artigo 12. Dos socios ordinarios e extraordinarios	8
Artigo 13. Dos membros adheridos	9
Artigo 14. Das persoas con distinción de Honra e Colaboradores	9
Artigo 15. Da Dobre Afiliación	10
Artigo 16. Dos Ingresos e Baixas	10
Artigo 17. Dos Requisitos de Admisión	10
Artigo 18. Do Procedemento de Admisión	12
Artigo 19. Documentos de Admisión	12
Artigo 20. Do Número de Membros	12
Artigo 21. Dos Deberes	13
Artigo 22. Dos Dereitos	13
Artigo 23. Do Réxime Disciplinario	13
Artigo 24. Da Perda da Condición de Membro	13

CAPÍTULO III – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 25. Dos Órganos de Goberno	14
Artigo 26. Da Asemblea Xeral	14
Artigo 27. Delegación	15
Artigo 28. Participación na Asemblea	15
Artigo 29. Funcións da Asemblea Xeral	17
Artigo 30. Clases de Asemblea e a súa Convocatoria	17
Artigo 31. Dos Acordos da Asemblea Xeral	18
Artigo 32. Da Xunta Directiva	19
Artigo 33. Da Duración	20



Artigo 34. Da Elección da Xunta Directiva	20
Artigo 35. Funcións da Xunta Directiva	21
Artigo 36. Funcionamento da Xunta Directiva	21
Artigo 37. Comisión Permanente	22
Artigo 38. Comisión de Ética	22
Artigo 39. Dos Órganos Unipersoais	23
Artigo 40. Da/o Presidenta/e	23
Artigo 41. Da/o Vicepresidenta/e	24
Artigo 42. Da/o Secretaria/o	24
Artigo 43. Da/o Tesoureira/o	24
Artigo 44. Sinaturas dixitais	25

CAPÍTULO IV – DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 45. Impugnacións	25
Artigo 46. Recursos	26

CAPÍTULO V – DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 47. Recursos Económicos	26
Artigo 48. Cotas	26
Artigo 49. Pago de Cotas	27
Artigo 50. Do Orzamento	27

CAPÍTULO VI – DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 51. Procedemento de Modificación	27
---	----

CAPÍTULO VII – DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 52. Da Disolución	28
Artigo 53. Comisión Liquidadora	28
Artigo 54. Da Asemblea Xeral no Período de Liquidación	28
Artigo 55. Do Destino dos Bens Resultantes	28



CAPÍTULO I DA CONFEDERACIÓN

Artigo 1 Denominación

Ao amparo do establecido no artigo 22 da Constitución Española, na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e nas demais disposicións legais aplicables, constitúese a entidade denominada “CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE” (en siglas “COGAMI”), a cal se rexerá polas prescricións contidas na devandita normativa e de forma especial polo previsto nos presentes Estatutos.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) é o resultado da libre vontade de asociación das Federacións Provinciais, das Federacións e Asociacións Autonómicas e das entidades que nelas se integran que, carecendo expresamente de ánimo de lucro, teñan como obxecto a defensa da plena inclusión das persoas con discapacidade.

Artigo 2 Personalidade

COGAMI ten personalidade xurídica propia e independente da das súas entidades membro e, conforme ao artigo 35 e seguintes do Código Civil, goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

Artigo 3 Domicilio

O enderezo social de COGAMI, a efectos legais, queda establecido na rúa Modesto Brocos nº 7, Bloque III, Baixo, de Santiago de Compostela, código postal 15704, (A Coruña), teléfono: 981 574 698, correo electrónico: correo@cogami.gal.

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de delegacións noutras localidades dentro de Galicia, e de cantos lugares considere axeitados para o normal desenvolvemento da Confederación. O traslado definitivo do domicilio social da Confederación requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

Artigo 4 Duración e Ámbito

COGAMI constitúese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución.

O ámbito territorial propio de COGAMI é o da Comunidade Autónoma de Galicia; porén, poderá actuar por si mesma ou no seo doutras organizacións, no ámbito estatal e internacional.



Artigo 5 Propósito, Misión e Visión

O *propósito* da Confederación é conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.

A Confederación ten como *misión* conseguir a defensa e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade, a transformación social, o fortalecemento do asociacionismo, a xeración de oportunidades de emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas con discapacidade en todo o territorio de Galicia.

A Confederación ten como *visión* ser unha entidade centrada na persoa, sostible e recoñecida pola sociedade pola proximidade, polos seus valores e liderado na busca e aplicación de metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.

Artigo 6 Principios e Valores

COGAMI defínese como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente, libre, aconfesional, apartidista, non governamental, de carácter voluntario.

A Confederación basea a súa actuación nos seguintes principios:

- Democracia interna.
- Solidariedade entre as entidades membro.
- Impulso da participación das entidades membro e todas as súas actuacións.
- Transparencia e publicidade na xestión e actuación das entidades.
- Defensa das necesidades xerais por enriba de intereses particulares.
- Defensa do grupo social como titulares de dereitos evitando as mensaxes sentimentalistas, paternalistas ou asistenciais.

Os *valores* que COGAMI propugna son a consideración das persoas con discapacidade como suxeitos titulares de dereitos e deberes, a calidade na actuación das entidades, a eficacia e a eficiencia, a mellora continua, o compromiso polo conxunto do grupo de persoas con discapacidade.

Os principios e valores deberán estar definidos no Código Ético de COGAMI.



Artigo 7 Fins

Son fins da Confederación:

1. Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poida gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.
2. Defender o dereito a un xeito de vida e a unha contorna social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
3. Defender os dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou con grande dependencia, así como a promoción da súa inclusión e participación activa na sociedade.
4. Promover a plena inclusión escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
5. Crear as condicións para que as entidades membro poidan cumprir axeitadamente a súa misión.
6. Promover actitudes sociais positivas cara á persoa con discapacidade.
7. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do grupo social das persoas con discapacidade.
8. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Confederación con criterios de solidariedade.
9. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre as dificultades das persoas con discapacidade.
10. Representar ás súas entidades membro no ámbito autonómico, estatal e internacional.
11. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
12. Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades.
13. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e xuventude.
14. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
15. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro grupo en risco de exclusión social.
16. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.
17. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando naquelas que impulsen o deporte de base.
18. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
19. Promover a cooperación internacional e o desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.
20. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión da Confederación ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.



Artigo 8 Medios

Para o cumprimento da misión e dos fins, a Confederación poderá:

- a. Organizar os servizos necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- b. Promover, facilitar ou utilizar todos os medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer as dificultades coas que se atopan as persoas con discapacidade e a súa contorna.
- c. Incorporarse a confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para acadar os fins da Confederación.
- d. Establecer un sistema coherente na estruturación do movemento asociativo.
- e. Promover o voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
- f. Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permitan a sostibilidade económica do movemento asociativo.
- g. Promover a integración, creación e promoción de centros educativos, ocupacionais, profesionais, residenciais, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, do cal a súa tipoloxía sexa autorizada por Lei, na que prime a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade conforme á lexislación vixente.
- h. Promover centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos coas demais persoas traballadoras, conforme á lexislación vixente en todos os casos, priorizando:
 - a. Os centros especiais de emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nas propias persoas traballadoras con discapacidade e/ou no labor social da devandita asociación.
 - b. Os centros especiais de emprego que adopten a forma xurídica de cooperativas ou sociedades laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente nas propias persoas traballadoras do centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ao movemento asociativo.
- i. Crear cantas ramas ou seccións sexan necesarias para o cumprimento dos fins recollidos no Artigo 7, números do 12 ao 19, ambos inclusive. As cales recollerán accións ou actividades específicas para ditos grupos sociais.
- j. Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.



CAPÍTULO II DOS MEMBROS

Artigo 9 Composición

COGAMI constitúese como unha entidade aberta composta, de conformidade co establecido nos presentes Estatutos, por asociacións autonómicas e por federacións provinciais e autonómicas así como por aquelas outras entidades que se atopan debidamente integradas na estrutura das devanditas federacións, sempre que carezan expresamente de ánimo de lucro e compartan os principios e fins da Confederación na defensa da plena inclusión das persoas con discapacidade.

Artigo 10 Dos socios da Confederación

A Confederación está integrada polas seguintes tipoloxías de socios:

- a) Socios ordinarios
- b) Socios extraordinarios

Artigo 11 Outros membros da Confederación

Ademais dos socios a Confederación estará integrada por:

- a) Membros adheridos
- b) Persoas con distinción de honra e colaboradores

Artigo 12 Dos socios ordinarios e extraordinarios

1.- Poderán ostentar a consideración de **socios ordinarios** da Confederación:

- a) **Federacións Provinciais** integradas por entidades dedicadas con carácter xeral á defensa e salvagarda dos dereitos das persoas con discapacidade dun xeito xenérico ou global. Por cada provincia non poderá existir máis que unha.
- b) **Federacións de carácter sectorial**, integradas por entidades que se dedican de xeito exclusivo a unha tipoloxía determinada de discapacidade ou a algún campo específico de promoción ou xestión de servizos para as persoas con discapacidade.
- c) **Asociacións Autonómicas de carácter sectorial**, integradas por persoas con discapacidade, e dedicadas exclusivamente a unha tipoloxía determinada de discapacidade ou a algún campo específico de promoción ou xestión de servizos para as persoas con discapacidade.



2.- Terán a consideración de socio extraordinario da Confederación, con carácter excepcional, e como recoñecemento á súa pertenza histórica como membros integrados de pleno dereito no seo da Confederación, as seguintes entidades: AMARAI, ÍNTEGRO, ADISBISMUR, AVANTE, AMBAR, A MARIÑA, AGORA, AIXIÑA, AMIZADE e ASODIFISI.

Estes **socios extraordinarios** serán considerados socios de pleno dereito e exercerán os seus dereitos e obrigas nos termos que determinen os presentes Estatutos.

O mantemento da condición de **socio extraordinario** no seo da Confederación está condicionado ao cumprimento constante dos requisitos que, con carácter xeral, se recollen no Artigo 17.1 dos presentes Estatutos.

Este elenco de **socios extraordinarios** ten carácter pechado constituíndo por tanto un “númerus clausus”.

Artigo 13 Dos Membros Adheridos

Terán a consideración de **membros adheridos** aquelas entidades que se atopan debidamente integradas na estrutura das Federacións Provinciais e Autonómicas ás que respectivamente se refiren as letras a) e b) do apartado 1º do Artigo 12.

A adquisición e o mantemento da condición de **membro adherido** no seo da Confederación está supeditada á adquisición e ao mantemento constante da condición de membro da Federación Provincial ou Autonómica na que a entidade en cuestión se atope integrada, así como ao cumprimento dos requisitos recollidos no Artigo 17.1 letras a), b), c), d), e), f), j), e l). As entidades que ostentan a consideración de **membro adherido** non serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral con voz pero sen voto.

Artigo 14 Das persoas con distinción de Honra e Colaboradores

1.- A Confederación poderá outorgar a distinción de honra a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distinguan pola súa actuación a favor dos fins da Confederación e do grupo social que representa.

Así mesmo, a Confederación poderá ter Presidenta/e de Honra que será nomeada/o para tal distinción pola Asemblea Xeral.

As persoas con distinción de honra non estarán suxeitas ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral con voz pero sen voto.



2.- A Confederación poderá igualmente outorgar a distinción de “colaborador” a aquela ou aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada coa Confederación mediante a súa participación ou mediante contribucións económicas. As persoas distinguidas como colaboradoras non son titulares de obrigas nin de dereitos.

Artigo 15 Da Dobre Afiliación

Aos efectos de evitar a duplicidade representativa das entidades integradas na Confederación, non se permitirán situacións de dobre afiliación.

Incorrerán en dobre afiliación aquelas entidades que se incorporen ou pertencen a organizacións que persigan fins e desenvolvan actividades análogas ás de COGAMI no eido da defensa dos dereitos das persoas con discapacidade. As entidades integradas na Confederación deberán adoitar as medidas necesarias a fin de evitar que as súas entidades membro incorran en situacións de dobre afiliación.

A pertenza a COGAMI non impedirá aos seus membros a posibilidade de integrarse noutras organizacións de ámbito Provincial, Autonómico ou Estatal sempre que estas persigan fins e desenvolvan actividades non coincidentes cos da Confederación.

Artigo 16 Dos Ingresos e Baixas

O ingreso na Confederación como membro da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal ou estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá resolverse sen a audiencia da parte interesada.

Artigo 17 Dos Requisitos de admisión

1.- Con **carácter xeral** as entidades que pretendan ingresar na Confederación deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Carecer de ánimo de lucro.
- Estar legalmente constituídas acreditando tanto a súa inscrición nos rexistros públicos correspondentes como a debida actualización dos mesmos.
- Ter fins, principios, valores e criterios organizativos coincidentes co movemento asociativo e coa Confederación.
- Adherirse expresamente ao Código Ético de COGAMI e cantos documentos de ética e transparencia dispoña a Confederación.
- Respectar as normas internas de COGAMI.
- Non ter realizado actividades contrarias ou incompatibles coa Confederación.



- g) Ter un mínimo de 3 anos de antigüidade. Con carácter excepcional, e en atención ás circunstancias concorrentes, a Asemblea Xeral poderá acordar razoadamente a admisión de entidades que non conten con esa antigüidade.
- h) Ter as contas auditadas, no caso de que o volume da organización así o requira.
- i) Estar declarada de utilidade pública ou ter presentada a correspondente solicitude perante o órgano administrativo competente. Neste último caso, o ingreso como membro quedará supeditado á efectiva obtención da devandita declaración de utilidade pública.
- j) Non incorrer, ningún dos membros da súa xunta directiva, na incompatibilidade descrita no Artigo 28.4 dos presentes Estatutos relativa á exclusión do dereito de participación da Asemblea.
- k) Desenvolver unha actividade socialmente relevante, presentando a tal efecto unha "Memoria de Actividades Anual" na que o conxunto das actividades desenvolvidas pola entidade se axusten ao seu ámbito territorial de actuación.
- l) Cumprir os requisitos que se establezan nos correspondentes códigos internos da Confederación.

2.- Con carácter específico as Federacións e Asociacións de ámbito autonómico ás que se refire o Artigo 12.1 nas súas letras b) e c), que pretendan ingresar na Confederación, deberán ter presenza efectiva como mínimo en tres das catro provincias galegas e cumprir respectivamente os seguintes requisitos:

a) Federacións de ámbito autonómico:

- Contar cunha mínima representación en cada unha das provincias onde teña presenza efectiva.
- Dispoñer dunha persoa dedicada á xestión da entidade.
- Atender a un mínimo de 200 persoas en xeral e un mínimo de 25 en cada unha das provincias onde teña presenza efectiva, agás as enfermidades raras ou pouco frecuentes (aquelas que teñen unha prevalenza de menos de 5 cada 10.000 habitantes) que estarán exentas deste requisito. Aos efectos de determinar o cumprimento deste número mínimo computaranse unicamente as persoas que teñan recoñecida legalmente unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou, no seu caso, os seus representantes legais.
- As súas entidades integradas deberán estar inscritas na Federación Provincial correspondente.

b) Asociacións de ámbito autonómico:

- Ter unha delegación oficial (rexistrada) en cada unha das provincias onde teña presenza efectiva.
- Dispoñer dunha persoa dedicada á xestión da entidade.
- Contar cun mínimo de 25 persoas en cada unha das provincias onde teña presenza efectiva, agás as enfermidades raras ou pouco frecuentes (aquelas que teñen unha prevalenza de menos de 5 cada 10.000 habitantes) que estarán exentas deste requisito.



Aos efectos de determinar o cumprimento deste número mínimo computaranse unicamente as persoas que teñan recoñecida legalmente unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou, no seu caso, os seus representantes legais.

Artigo 18 Do procedemento de Admisión

O procedemento de admisión realizarase mediante:

- Solicitud escrita da entidade interesada dirixida á/ao Presidenta/e da Confederación.
- Sinatura dos compromisos esixidos nos requisitos de admisión.
- Presentación da documentación esixida.
- Acordo da Xunta Directiva da Confederación, mediante o voto favorable de, polo menos, dous terzos dos votos presentes, que deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral.

Artigo 19 Documentos de Admisión

Documentación a presentar polas entidades:

- Copia autorizada dos estatutos correspondentes.
- Certificación relativa ao número co que foi inscrita no rexistro correspondente.
- Declaración de Utilidade Pública ou documento acreditativo de tela solicitada.
- Relación das persoas que compoñen a Xunta Directiva.
- Memoria de actividades e o balance económico dos dous últimos anos aprobado polos órganos correspondentes.
- Acordo de integración na Confederación adoptado polo órgano correspondente.
- Declaración xurada de cada unha das persoas que, en representación das entidades socias, compoñen a Xunta Directiva de non incorrer na incompatibilidade descrita no Artigo 28.4 dos presentes Estatutos relativa á exclusión do dereito de participación na Asemblea.
- Declaración de adhesión ao Código Ético de COGAMI e cantos documentos de ética e transparencia dispoña a Confederación.
- Certificación das asociacións integrantes e número de persoas asociadas a estas.
- No caso das Federacións e Asociacións de ámbito autonómico descritas no Artigo 12.1 letras b) e c): autocertificación ou outro documento que acredite o cumprimento do requisito relativo a dispoñer dunha persoa dedicada á xestión da entidade.

A Confederación poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

Artigo 20 Do Número de Membros

Non se establece un número máximo de membros da Confederación.



Artigo 21 Dos Deberes

1. Cumprir canto se dispón nos presentes Estatutos.
2. Actuar de maneira acorde cos principios e valores da Confederación e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
3. Acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Confederación.
4. Asistir ás Asembleas Xerais.
5. Aportar toda a documentación relativa á entidade requirida pola Xunta Directiva.
6. Contribuír á sostibilidade da Confederación, aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
7. Presentar informe de auditoría a petición da Xunta Directiva, previa xustificación.

Artigo 22 Dos Dereitos

- A. Formar parte dos órganos de participación e dirección que se establezan nestes Estatutos.
- B. Participar nas Asembleas Xerais nas condicións que se determinan nos Estatutos.
- C. Utilizar a imaxe de COGAMI previa autorización da Xunta Directiva.
- D. Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados pola Confederación, nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
- E. Ser informados oportunamente das actuacións da Confederación.
- F. Ser apoiados por COGAMI nas iniciativas que se crean oportunas.
- G. Utilizar os servizos de toda índole que se creen na Confederación.

Artigo 23 Do Réxime Disciplinario

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral da Confederación establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan impoñerse aos membros que vulneren os presentes estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

Artigo 24 Da Perda da Condición de Socio

Poderá perderse a condición de socio da Confederación por:

- a) Decisión voluntaria, manifestada por escrito.
- b) Por causa ou disposición legal.
- c) Por expulsión, a causa de:
 - Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
 - Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
 - Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses da Confederación.



- Non poñer a disposición da Confederación a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno.
- Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade, ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.
- Incumprimento sobrevido dos requisitos que, en cada caso concreto, se esixen inicialmente para a integración na Confederación.

A expulsión como socio da Confederación só poderá producirse previa audiencia da entidade da que se trate, terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral e levará aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de socio.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 25 Dos Órganos de Goberno

A Confederación rexerese polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos colexiados:

- Asemblea Xeral
- Xunta Directiva
- Comisión Permanente

Artigo 26 Da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno da Confederación e estará integrada por:

- a) As Federacións Provinciais, que actuarán a través dos seus representantes.
- a) As Federacións e Asociacións Autonómicas de carácter sectorial, que actuarán a través do seu representante.
- b) As entidades que ostentan a condición de socios extraordinarios enumeradas no Artigo 12.2 dos presentes Estatutos, que actuarán a través do seu representante.

Poderán asistir ás reunións da Asemblea Xeral con voz e sen voto:

- c) As entidades membro adheridas mencionadas no Artigo 13 dos presentes Estatutos, que actuarán a través do seu representante.
- d) As entidades invitadas, que actuarán a través do seu representante.
- e) As persoas con distinción de honra e colaboradores.

Os cargos de Presidencia e Secretaría da Asemblea Xeral serán exercidos por quen respectivamente os ostenten na Xunta Directiva.



Artigo 27 Delegación

A asistencia e a participación na Asemblea Xeral son indelegables.

Cada entidade concorrerá e participará na Asemblea a través dos seus propios representantes sen que en ningún caso poida delegar noutra entidade o seu dereito a asistir e participar na mesma.

Do mesmo xeito, aquelas Federacións que teñan recoñecido o dereito a participar na Asemblea con varios representantes deberán concorrer á mesma con tantos representantes como votos pretendan exercitar sen que sexa posible a acumulación ou concentración de varios votos nun mesmo representante.

Artigo 28 Participación na Asemblea

1.- Determinación do número de representantes:

Cada unha das distintas entidades socias da Confederación terá dereito a participar na Asemblea con arranxo ás seguintes regras:

- a) As **Federacións Provinciais** descritas no **Artigo 12.1 a)** terán dereito a un (1) voto cada unha e, ademais:
 - un (1) voto adicional máis por cada **10 entidades (ou fracción)** que teñan integradas nas súas respectivas estruturas.
 - un (1) voto adicional máis por cada **50.000 persoas con discapacidade (ou fracción)** que figuren inscritas no último censo de persoas con discapacidade da provincia de referencia.
- b) As **Federacións e Asociacións Autonómicas** descritas no **Artigo 12.1 letras b) e c)** terán dereito a un (1) voto cada unha.
- c) As **entidades socias extraordinarias enumeradas no Artigo 12.2** terán dereito a un (1) voto cada unha.

Os membros Adheridos, de Honra e Colaboradores, poderán participar na Asemblea con voz pero sen voto.

A Presidencia da Confederación (ou quen a/o substitúa) ostentará un voto de calidade nos casos de empate no resultado das votacións.



2.- Proporcionalidade do réxime de representación:

En ningún caso a suma dos representantes correspondentes ás entidades sinaladas nas letras **b)** e **c)** do punto anterior, poderá igualar ou superar ao total de votos que teñan asignado as Federacións Provinciais ás que fai referencia a letra **a)**.

No caso de verificarse esta circunstancia, e sempre que a totalidade dos votos asignados ás Federacións Provinciais estean representados, establecerase un sistema de voto ponderado mediante o cal a suma de todos os votos correspondentes ás Federacións Provinciais terá un peso do 51% dos votos totais.

Este criterio de proporcionalidade non será de aplicación se as Federacións Provinciais non conseguen acreditar ante a propia Asemblea un número de representantes igual ao número de votos que lles corresponda exercer.

3.- Prohibición de delegación:

Tal e como se establece no Artigo anterior, queda prohibida a delegación de voto, e polo tanto, aquelas Federacións que, conforme ao sinalado no apartado 1 deste artigo, teñan recoñecido dereito a participar na Asemblea con varios representantes deberán acreditar ante a propia Asemblea tantos representantes como votos pretendan exercer sen que sexa posible a acumulación ou concentración de varios votos nun mesmo representante.

4.- Exclusión do dereito de participación:

As entidades socias, así como aquelas outras que teñan a consideración de membros adheridos da Confederación, non poderán intervir nin participar en modo algún na Asemblea a través de persoas que directa ou indirectamente a través do seu cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade, ou dos seus parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con centros especiais de emprego con ánimo de lucro, ou desenvolvan actividades de tipo profesional, empresarial industrial que puidesen dar lugar a un conflito de intereses.

Así mesmo, tampouco poderán intervir nin participar en modo algún na Asemblea a través de persoas que exerzan funcións de carácter representativo, político ou institucional.

5.- Participación como “invitada/o”:

Poderán asistir ás reunións da Asemblea, a proposta da Presidencia, con voz e sen voto, e a título de invitadas/os todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes, para as decisións deste órgano.



Artigo 29 Funcións da Asemblea Xeral

Serán funcións da Asemblea Xeral:

1. Coñecer e aprobar os Plans de Actuación da Confederación.
2. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Así mesmo, examinar e, no seu caso, aprobar o balance de situación de cada exercicio.
3. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar as entidades membro.
4. Examinar e, no seu caso, aprobar a Memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.
5. Establecer o réxime disciplinario.
6. Adoptar resolución sobre os asuntos que figuren na Orde do Día ou que se susciten co apoio dos dous terzos dos votos presentes.
7. Aprobar a modificación de Estatutos.
8. Ratificar a incorporación ou expulsión de membros da Confederación.
9. Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
10. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre unha ou máis Entidades Membro e calquera órgano da Confederación, como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos da Confederación.
11. Acordar a disolución da Confederación.

Artigo 30 Clases de Asemblea e a súa Convocatoria

A Asemblea Xeral reunirase ordinariamente, durante o primeiro semestre de cada ano, e extraordinariamente sempre que o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten, polo menos, o 25 por cento das entidades socias da Confederación, caso no cal deberá convocarse no prazo máximo dun mes.

Na convocatoria constará, en todo caso, a orde do día acordada pola Xunta Directiva na que, no seu caso, deberán incluírse todos os asuntos propostos polo 25 por cento dos socios que solicitaran a asemblea. A convocatoria comunicarase aos membros da Confederación cunha antelación mínima de quince días, por correo certificado ou mediante calquera medio que deixe constancia da convocatoria.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse excepcionalmente:

- Mediante videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación dos asistentes e a permanente comunicación entre eles.
- Mediante un sistema mixto que combine a modalidade presencial coa telemática.



Corresponde á/ao Presidenta/e apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a estes modos excepcionais de celebración. Nestes casos, a convocatoria deberá cumprir os mesmos requisitos formais que se establecen para as asembleas presenciais e ademais deberá garantirse que:

- Todas/os as/os socias/os que desexen participar na Asemblea de forma telemática teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos adecuados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algún.
- Quede debida constancia da identidade de todos aqueles asistentes que participen na Asemblea de forma telemática. Esa identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo que da/o socia/o en cuestión teña a/o Secretaria/o da entidade, ou por exhibición a través da *webcam* dun documento de identificación.

A fin de poder verificar o cumprimento do requisito relativo á dispoñibilidade de medios técnicos por parte daqueles socios e socias que desexen participar na Asemblea de xeito telemático, na convocatoria requiriráselles para que cando confirmen a súa asistencia/participación se pronuncien sobre este extremo. No suposto de que as/os socias/os manifestasen a súa non dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios e non resultase posible proceder a emendar dita carencia, a/o Presidenta/e acordará a celebración da Asemblea ben en modalidade presencial, ben en modalidade mixta, efectuando ao efecto unha nova comunicación se fose necesario.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación por videoconferencia entre un número significativo de asistentes con dereito a voto e a entidade, a/o Presidenta/e propondrá á Asemblea a posibilidade de suspender a mesma, comunicando aos asistentes a data e hora prevista para a súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa orde do día proposta, se adoptaran con carácter previo á devandita interrupción.

Artigo 31 Dos Acordos da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran na mesma a metade máis un dos seus socios a través do seu representante debidamente autorizado e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de socios asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberá mediar, polo menos, media hora.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. Os relativos á disposición ou alleamento de bens inmoables, modificación de estatutos, disolución da Confederación, decretar a expulsión dalgún dos seus membros, requirirán a celebración dunha Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable de dous terzos dos votos asistentes.



De toda Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela farase constar o número de asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra e abstencións. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta subscribirase pola/o Secretaria/o e a/o Presidenta/e.

As certificacións de tales actas, así como as testemuñas dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa sinatura da/o Secretaria/o e o visto bo da/o Presidenta/e.

Artigo 32 Da Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación da Confederación.

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta/e
- Vicepresidentas/es
- Secretaria/o
- Vicesecretaria/o
- Tesoureira/o
- Vicetesoureira/o
- Vogais, nun número nunca inferior a catro (4).

Só poderán formar parte do órgano de representación os asociados, por este motivo as distintas persoas físicas que compoñan/conformen este órgano colexiado deberán acreditar que concorren á Xunta Directiva co aval da entidade socia de referencia aportando o correspondente certificado expedido pola/o Secretaria/o da devandita entidade.

De igual xeito, estas persoas:

- Deberán ostentar previamente a condición de asociado respecto á entidade que o avala.
- Deberán cumprir os requisitos esixidos para ser membro da Asemblea Xeral e, en concreto, non poderán incurrir na causa de incompatibilidade que para os mesmos se establece no Artigo 28.4 dos presentes Estatutos.

Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a seren indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e a xustificación documental.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, as persoas representantes das entidades membro poderán recibir unha retribución axeitada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como representantes das entidades membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.



No caso de prestar servizos para a Confederación persoas con relación de parentesco por consanguinidade ou afinidade, ata o terceiro grao, coas representantes das entidades membro que formen parte dos órganos de goberno, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

Todos as persoas membro da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, a/o presidenta/e poderá exercer un voto de calidade.

No desenvolvemento das súas funcións os membros da Xunta Directiva deberán actuar coa debida dilixencia e obrar de boa fe tanto na toma de decisións como nas súas relacións coa Confederación, actuando de acordo cos intereses desta con independencia da cal proveñan. Deberán así mesmo gardar a debida reserva respecto de toda información á que teñan acceso no exercicio do seu cargo.

Artigo 33 Da Duración

As/os compoñentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de catro anos.

No caso de producirse a metade máis unha de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas no prazo máximo de corenta e cinco días.

Cando o número de baixas non sexa superior á metade máis unha, as persoas membro cesantes, serán substituídas na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria; mentres tanto, as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Artigo 34 Da Elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

As candidaturas serán presentadas en listas pechadas nas que deberán figurar os cargos unipersoais da Xunta Directiva e elixidas por maioría absoluta das entidades membro presentes; no caso de presentarse máis dunha candidatura será elixida a máis votada.

As votacións serán secretas, a non ser que por unanimidade das persoas membro presentes se soliciten as votacións a man alzada.



Artigo 35 Funcións da Xunta Directiva

Corresponde á Xunta Directiva:

- 1) Executar a política da Confederación e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
- 2) Administrar o patrimonio da Confederación.
- 3) Decidir sobre as grandes liñas de actuación e programas básicos que vaian ser executados ou coordinados dende a propia Confederación.
- 4) Acordar a suspensión temporal dos dereitos dunha entidade socia.
- 5) Determinar a orde do día da Asemblea Xeral.
- 6) Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
- 7) Propoñer á Asemblea Xeral o nomeamento de presidenta/e de honra e persoas con distinción de honra, así como admitir ás persoas con distinción de colaboradores.
- 8) Facultar, por medio de poderes ás persoas que estime axeitado.
- 9) Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
- 10) Dispoñer ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese da Confederación e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
- 11) En xeral, todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio da Confederación dos que deberá dar conta á Asemblea.
- 12) Resolver, na arbitrase de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre entidades socias da Confederación. Esta actuación poderá ser efectuada por sé ou por delegación, designando unha comisión para iso que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- 13) Interpretar os presentes Estatutos.

Artigo 36 Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse, polo menos, catro veces ao ano, preferentemente unha vez cada trimestre ou cando o decida a/o súa /seu Presidenta/e por si, ou a petición do vinte por cento das e dos compoñentes.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita pola/o Presidenta/e da Xunta Directiva ou persoa na que delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá á/ao Presidenta/e, quen terá en conta, no seu caso, as peticións das e dos demais membros.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a/o Presidenta/e, poderán acudir á reunión da Xunta Directiva persoas non pertencentes á mesma con carácter de asesoras.

O disposto no Artigo 28 dos presentes Estatutos respecto á posibilidade de celebración telemática e/ou mixta das Asembleas será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva.



Con carácter excepcional, sempre que así o decida a Presidencia ou o soliciten, polo menos, dúas das persoas membro do órgano, os acordos da Xunta Directiva da entidade poderán adoptarse mediante votación por escrito e sen sesión. Nestes casos, dende a Secretaría da entidade enviarase a cada unha das persoas membro do devandito órgano un correo electrónico no que se expresará de forma clara a cuestión sometida a votación e indicará o prazo no que as persoas integrantes do órgano haberán de manifestar o seu voto, non podendo ser o mesmo inferior a 24 horas. No devandito envío a Secretaría incluírá, se fora o caso, aqueles documentos que puidesen resultar de utilidade para que as persoas membro do órgano de dirección poidan formar o seu criterio e decidir sobre o asunto sometido a votación.

Artigo 37 Comisión Permanente

1. É o órgano colexiado subordinado á Xunta Directiva que ten como atribución fundamental e básica a de preparar e facilitar os traballos e actividades desta. En caso de urxencia acreditada, a Comisión Permanente da Xunta Directiva poderá adoptar decisións, fixar posicións e realizar as xestións que sexan precisas para a defensa dos intereses da Confederación, dando conta inmediata á Xunta Directiva, na primeira reunión que se celebre.
2. A Comisión Permanente estará integrada, como mínimo, por catro membros de pleno dereito, condición que recaerá na/o Presidenta/e, Vicepresidenta/e Primeira/o, Secretaria/o e Tesoureira/o.
3. A título de persoas invitadas e para materias concretas e determinadas, con voz pero sen voto, poderán asistir ás súas reunións aquelas outras persoas que o propio órgano colexiado considere oportuno convocar.
4. A/o Presidenta/e e a/o Secretaria/o da Confederación asumirán tamén as funcións de Presidenta/e e Secretaria/o da Comisión Permanente.
5. Para ostentar a condición de membro de dereito da Comisión Permanente é necesario formar parte da Xunta Directiva. A perda da condición de membro da Xunta Directiva determinará automaticamente a perda de condición de membro da Comisión Permanente.
6. En canto ao seu funcionamento, a Xunta Directiva determinará, mediante acordo validamente adoptado, as normas e regras ás que axustará a súa actuación a Comisión Permanente para o exercicio das atribucións que ten encomendadas.

Artigo 38 Comisión de Ética

Poderá crearse unha Comisión de Ética, composta por persoas pertencentes ou non á Confederación, designadas pola Xunta Directiva e dependentes desta.

Terá como finalidade, a de velar porque as actuacións tanto da propia Confederación, como das entidades membro a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas. Esta comisión non terá carácter executivo.



Artigo 39 Dos órganos unipersoais

Os órganos unipersoais da Confederación serán:

- Presidenta/e
- Vicepresidentas/es
- Secretaria/o
- Tesoureira/o

Artigo 40 Da/o Presidenta/e

Son funcións da/o Presidenta/e:

1. Representar oficialmente á Confederación.
2. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Permanente.
3. Nomear a calquera persoa como Asesora, que será ratificada pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva das recomendacións e informes desas persoas asesoras. As resolucións de calquera persoa asesora non son vinculantes en ningún caso.
4. Permitir ou non, a presenza de persoas invitadas nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
5. Ordenar os pagos con cargo aos fondos da Confederación. Levar a sinatura social conxuntamente coa/o Secretaria/o ou Tesoureira/o.
6. A retirada dos fondos da Confederación depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura da/o Secretaria/o ou da/o Tesoureira/o.
7. Autorizar, coa súa sinatura, as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
8. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
9. Subscribir contratos en nome da Confederación, outorgar poderes a terceiros, exercer accións e opor excepcións ante os órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese aos fins da Confederación.
10. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios da Confederación, conxuntamente coa/o Secretaria/o.
11. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos, que non corresponda a calquera outro órgano da Confederación.

Artigo 41 Da/o Vicepresidenta/e

A/o Vicepresidenta/e substituirá temporalmente á/ao Presidenta/e nos casos de ausencia ou enfermidade.



Así mesmo, poderá asumir todas aquelas funcións da/o Presidenta/e que lle delegue expresamente.

No caso de ausencia definitiva, esta sería aos efectos tan só de convocatoria de novas eleccións, establecida para un período de tres meses.

Artigo 42 Da/o Secretaria/o

Corresponde á/ao Secretaria/o:

- Custodiar os libros, documentos e selo da Confederación, excepto os libros de contabilidade.
- Levar o libro de rexistro de entidades membro.
- Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
- Librar certificacións con referencia aos libros e documentos da Confederación co visto e prace da/o Presidenta/e.
- O poder certificante xeral de todos os órganos colexiados nos que ostentará a Secretaría dos mesmos.
- Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da/o Presidenta/e.
- Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, enviando as Actas e a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
- Responsabilizarse, xunto coa/o Presidenta/e, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios da Confederación.
- Calquera outra función inherente á súa condición de Secretaria/o, e aquelas que expresamente lle sexan atribuídas.
- Poderá delegar as súas funcións na/o Vicesecretaria/o.

Artigo 43 Da/o Tesoureira/o

Corresponde á/ao Tesoureira/o:

1. Custodiar e levar os libros de Contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á/ao Presidenta/e e á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da Confederación.
3. Custodiar os fondos da Confederación, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da Confederación. Para dispoñer dos fondos da Confederación, necesitará da sinatura da/o Presidenta/e.
4. Facerse cargo das cantidades que se ingresen na Confederación, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
5. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da/o Presidenta/e.

Páxina 24



6. Emitir informes sobre asuntos económicos e financeiros da Confederación.
7. Revisar e presentar as contas de liquidación de orzamentos e os balances de situación á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral.
8. Revisar e presentar o proxecto de orzamentos anuais da Confederación, ordinarios e extraordinarios, para sometelos á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral.
9. Cobrar as cotas das entidades membro.
10. Poderá delegar as súas funcións na/o Vicetesoureira/o.

Artigo 44. Sinaturas dixitais

As persoas físicas que en representación das entidades socias integren os distintos órganos de goberno previstos nestes estatutos poderán dispoñer dunha sinatura dixital vencellada á entidade que lles permita acometer o exercicio daquelas funcións que teñan **estatutariamente encomendadas** con plena garantía de autenticidade respecto á expresión da súa vontade e consentimento, así como da integridade e inalterabilidade dos propios documentos asinados.

Para exercer calquera outras funcións que excedan das que estatutariamente se teñan atribuídas será precisa a autorización expresa a través de acordo de apoderamento notarial, previamente aprobado pola Xunta Directiva.

Todas as persoas da Organización que teñan autorizado o exercicio de determinadas funcións a través destes acordos de apoderamento notarial, poderán solicitar a sinatura dixital para o exercicio das funcións así outorgadas.

CAPÍTULO IV DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 45 Impugnacións

1.- As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva da Confederación, poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que a/o Presidenta/e estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ao comezo da reunión.

2.- Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados ante a mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo as persoas ausentes na reunión. Quen estivera presente disporá do mesmo prazo sempre e cando salvara expresamente o seu voto.



3.- Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

Artigo 46 Recursos

1.- Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles ante a Asemblea Xeral no prazo de quince días.

2.- A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva tramitaranse ante os tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a lei determine.

CAPÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 47 Recursos Económicos

Para atender aos seus fins, a Confederación contará cos seguintes recursos:

1. As cotas que satisfagan os membros, no caso de establecerse.
2. As subvencións, doazóns, donativos, legados e herdanzas que se fagan a favor da mesma.
3. Os bens propios, mobles e inmobles.
4. Rendemento do seu patrimonio.
5. Calquera outra contribución que obteña para ser destinada ao cumprimento dos seus fins.
6. O capital fundacional de COGAMI é nulo, e o presuposto anual non será menor de tres mil euros (3.000 €).

Artigo 48 Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

- a. Ordinaria anual, que será satisfeita na proporción que estableza a Xunta Directiva.
- b. Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.

Artigo 49 Pago de Cotas

As cotas deberán ser abonadas no prazo dun mes a partir da aprobación do orzamento anual



correspondente, ou ao rematar o prazo fixado cando foran extraordinarias.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para as entidades membro que, nos prazos previstos no parágrafo anterior e sen causa xustificada, non aboaran as cotas. Así mesmo quen, á celebración da Asemblea Xeral non aboara a cota correspondente ao ano anterior, perderá o seu dereito a voto na mesma. A persistencia na falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.

Porén, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión á inmediata Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 50 Do Orzamento

A Confederación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado pola/o Tesoureira/o da Confederación, que deberá telo preparado antes do 31 de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das entidades, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

CAPÍTULO VI DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 51 Procedemento de Modificación

Os Estatutos da Confederación só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinario, por decisión da Xunta Directiva ou a proposta da maioría dos membros da Confederación, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva.

O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría dos dous terzos dos membros presentes e representados.



CAPITULO VII DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 52 Da Disolución

A Confederación poderá disolverse por unha das seguintes causas:

- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por sentenza xudicial firme.
- Por vontade dos dous terzos das entidades membro, manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

Artigo 53 Comisión Liquidadora

Acordada a disolución da Confederación pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio da Confederación.

A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou máis persoas comisarias elixidas pola mesma entre as persoas asociadas das Entidades Membro.

Artigo 54 Da Asemblea Xeral no Período de Liquidación

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ao acordo de disolución.

Artigo 55 Do Destino dos Bens Resultantes

No caso de disolución definitiva, liquidadas todas as obrigas pendentes que sexan da Confederación, o sobrante de fondos que resultase pasará a formar parte do patrimonio da Xunta de Galicia que poderá ceder en uso a aquelas entidades sen ánimo de lucro de persoas con discapacidade do país galego, que defendan os principios fundamentais destes estatutos.



Dilixencia:

D. Anxo Antón Queiruga Vila, con DNI nº: 76778938Q, titular da Presidencia, e D. Víctor Silva Suárez, con DNI nº: 44816094L, titular da Secretaría da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade "COGAMI", fan constar que os presentes estatutos están redactados conforme as modificacións acordadas:

- Na Asemblea Xeral celebrada en data 20 de maio de 2022 onde se modifican os estatutos de maneira integra.
- Na asemblea do 26 de maio de 2023 onde se modifican os artigos 5 e 44.

Todo, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Santiago de Compostela, a 6 de outubro de 2023.

Vº Prce.

D. Anxo Antón Queiruga Vila
Presidente

Asdo.: D. Víctor Silva Suárez
Secretario

